



Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 3 de abril de 2014

Hora de comezo: 13.35 h

Hora de remate: 14. 15 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera

Don Manuel Mouriño Varela

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa

Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria – Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación da adhesión á Sección de Concellos con Intereses Turísticos**
- 3. Solicitude de subvención “Voluntariado Xuvenil” 2014**
- 4. Ratificación resolución do 26-03-2014, solicitude subvención contratación socorrista**
- 5. Aprobación e aboamento factura de transporte de alimentos pola “Cruz Roja”**
- 6. Altas tarxetas estacionamento para persoas con minusvalía**
- 7. Licenzas urbanísticas**
- 8. Devolución taxa abastecemento e saneamento**
- 9. Solicitude cursos formativos á Consellería de Traballo e Benestar**
- 10. Clasificación das ofertas da obra denominada “Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros”**
- 11. Inicio da contratación da obra denominada “Camiño cruce de Frenza a Carballeira e outros”**
- 12. Aprobación de facturas**

- 13. Aprobación inscrición no rexistro municipal da Asociación Cabalar Cruto do Castelo.**
- 14. Contratación do “Xantar de Maiores 2014”**
- 15. Nomeamento do técnico para valoración das ofertas do servizo de asistencia técnica urbanística**
- 16. Solicitude cesión en propiedade dun vehículo especialmente preparado para extinción de incendios forestais**
- 17. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de marzo de 2014.

2.Aprobación da adhesión á Sección de Concellos con Intereses Turísticos

A Comisión Executiva da Fegamp, na súa xornada do 19 de marzo de 2014, acordou, ó amparo do artigo 52 dos estatutos da federación, e a petición dos concellos con intereses turísticos, reunidos na Fegamp o pasado 12 de marzo, crear unha Sección de Concellos con Intereses Turísticos.

Esta sección, con autonomía para a súa organización e desenvolvemento, subdividirase en tres grupos de traballo, que englobará a concellos declarados de interese turístico, concellos con festas de interese turístico e concellos con distintivos de calidade.

Son fins da Sección os seguintes:

- a) O fomento e defensa dos intereses dos concellos integrantes no ámbito da mesma.
- b) Organización de xornadas técnicas, xurídicas e administrativas e a xestión de actividades de formación e información dos problemas común, propiciando a colaboración con outras organización similares ás que desenvolve esta Sección.
- c) Elevar propostas á Fegamp con destino ás demais institucións do Estado, Xunta de Galicia, sobre normativa en materia de imposición local, licencias, etc...a empresas do ramo, e a súa incidencia no Medio Ambiente, podendo comparecer por designación da Fegamp, e como membros da mesma ante calquer organismo ou tribunal en defensa dos intereses dos seus membros.

A adhesión e pertenza á Sección de Concellos con Intereses Turísticos non implica aportación económica por parte do concellos integrantes.

Consecuencia de isto, e aos efectos da súa organización e posta en funcionamento da Sección, a Fegamp marca como prazo para a adhesión dos concellos interesados, antes do vindeiro 15 de abril de 2014.

Polo tanto, a Xunta de Goberno Municipal acorda:

- 1.- Aprobar a Adhesión á Sección de Concellos con Intereses Turísticos, creada na Federación Galega de Municipios e Provincias para a defensa dos intereses dos concellos afectados.
- 2.- Formar parte da Subsección de municipios con festas de interese turístico.
- 3.- Dita adhesión é totalmente gratuíta, salvo casos extraordinarios e puntuais nos que previo acordo dos membros da Sección se deba efectuar algunha aportación previamente aprobada.
- 4.- Designar ó Alcalde D. Jesús Sanjuás Mera ou Concelleiro no que delegue, como representante do Concello na Sección.
- 5.- Comunicar dita aprobación á Federación Galega de Municipios e Provincias.

3.Solicitud de subvención “Voluntariado Xuvenil” 2014

No DOG número 47 do 10 de marzo de 2014 publícase a Orde do 26 de febreiro de 2014 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa de Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

O proxecto de Servizo de Voluntariado Xuvenil que se presenta denomínase :“ Programa de Voluntariado Xuvenil Val do Ulla”.

Este proxecto estará desenvolvido polos Concellos de Boqueixón e Vedra, sendo o Concello de Boqueixón o que presenta o proxecto, tal e como se especifica no convenio firmado por ambos os dous concellos, asinado con data 20 de marzo de 2014.

A cada concello corresponderalle un máximo de 8 voluntarios/as, podendo incrementalo no caso de quedar postos vacantes.

O proxecto está previsto que se realice entre os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, cunha duración máxima de 60 días para cada voluntario/a e un máximo de 16 voluntarios/as

A cantidade subvencionable calcularase a razón de 10 € por voluntario/a e día, dos cales 6 € diarios serán entregados pola entidade ás persoas voluntarias para cubrir os custos de desprazamento e manutención, mentres os 4 € restantes empregaraos a entidade para cubrir gastos dos seguros, gastos correntes que deriven das actividades de voluntariado, adquisición de material funxible, servizos de comunicación, contratación de persoal técnico e experto.

As actividades a levar a cabo son :

- Accións de animación e desenvolvemento comunitario.
- Accións ambientais.
- Atención aos peregrinos e turistas
- Accións deportivas

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar unha axuda por importe total de **9.600 €** (5.760 € manutención e transporte dos voluntarios, 500 € seguros e 3.340 € para gastos de material funxible, gastos de formación e de coordinación).
2. Acreditar como representante legal ó Alcalde do Concello de Boqueixón.
3. Non solicitar ningunha outra axuda para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
4. Aprobar o proxecto de actividades denominado “Programa de Voluntariado Val do Ulla”.
5. Nomear ó Concello de Boqueixón como representante do proxecto.
6. Comunicar este acordo á Consellería de Traballo e Benestar , Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

4.Ratificación resolución do 26-03-2014, solicitude subvención contratación socorrista

A Xunta de Goberno ratifica o Decreto de solicitude de subvención contratación de socorrista, asinado polo alcalde o día 26 de marzo de 2014, o cal se transcribe literalmente:

“No BOP núm. 37 do día 24 de febreiro, saíu publicada a convocatoria para a contratación do socorrista correspondente ó exercicio 2014.

Este concello, debido a que ten piscina municipal, ten a obriga de prestar o servizo de salvamento acuático para cumprir a lexislación vixente.

A contratación deste servizo sería para os meses de xullo e agosto, tempada de apertura da piscina municipal, e o custo total da contratación sería de 3.750,00 euros, sendo financiado pola Deputación o importe do 80%.

Polo tanto, Resolvo:

-Solicitar á Deputación da Coruña unha subvención para a contratación dun socorrista nos meses de xullo e agosto deste ano para a prestación do servizo de salvamento acuático na piscina municipal

-Ratificar esta resolución na vindeira xunta de goberno e enviar o correspondente acordo á Deputación”

5.Aprobación e aboamento factura de transporte de alimentos pola “Cruz Roja”

O día 25 de marzo de 2014, co núm. 14/524 tivo entrada no rexistro deste Concello a factura correspondente ó gasto ocasionado polo transporte de alimentos (“Cruz Roja”) desde A Coruña ata Boqueixón, realizado pola empresa “GALITRANS-96, SL”. Este gasto, ocasionado polo transporte, farase con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación Provincial da Coruña.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a factura número CR 09/14 e con rexistro de entrada número 14/524, da empresa “GALITRANS-96, SL”, polo concepto de transporte de alimentos (“Cruz Roja”) desde A Coruña ata Boqueixón, **por importe de 653,40 €.**
2. Aprobar o pagamento da mencionada factura, que se fará **con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación Provincial da Coruña.**
3. Dar traslado deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento e efectos.

6. Altas tarxetas estacionamento para persoas con minusvalía

A) Segundo valoración da EVO, (Equipo de Valoración e Orientación) e para os fins especificados na Lei 8/97 de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, na que o mencionado equipo recoñécelle o grao de discapacidade do 38 %, a don José XXXXX, e recoñécelle así mesmo a existencia de dificultade de mobilidade para utilizar transportes colectivos.

Por isto, propónse outorgarlle a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a que ten dereito.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Outorgarlle a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada por don José XXXXX, co DNI: XXXXX, veciño da parroquia de Ponteledesma co número de tarxeta 15/086 e data de caducidade en abril de 2024.
- 2.- Unha vez finalizada a data de validez ou por falecemento do titular, farase entrega da tarxeta no departamento de Servizos Sociais do Concello, para súa renovación ou baixa, segundo proceda.
- 3.- Notificar este acordo o interesado.

B) Logo de ver o informe proposta da Traballadora Social no que propón a baixa da tarxeta de estacionamento por mobilidade reducida, co número 15/037 e data de caducidade en novembro de 2014, como consecuencia da declaración presentada por perda (extravío) da mesma, a nome de don José XXXXX e tendo en conta que con data 28/03/2014, número de rexistro de entrada 14/547, o mencionado beneficiario presenta unha nova solicitude de tarxeta de estacionamento, propónse outorgarlle a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a que ten dereito.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar de baixa a tarxeta obxecto de perda (extraviada) co número 15/037, e data de caducidade ata novembro de 2014, a nome de José XXXXX.
2. Conceder unha nova tarxeta de minusvalía a nome de José XXXXX, co DNI XXXXX, veciño de Casalpegito número 3, Gastrar, co número de tarxeta 15/087 e con data de validez ata abril de 2024.

3. Unha vez finalizada a data de validez, ou por falecemento do titular, farase entrega da tarxeta no departamento de Servizos Sociais do Concello, para súa renovación ou baixa, segundo proceda.
4. Notificar este acordo o interesado.

7.Licenzas urbanísticas

A) Expte.: 13/2262. Licenza municipal de obras e actividade para o acondicionamento de planta baixa en vivenda existente, para restaurante

Antecedentes:

Con data do 27/11/2013, e rexistro de entrada núm. 13/2262, por dona Marta XXXXX , con DNI núm. XXXXX, preséntase un proxecto técnico visado, para solicitar a licenza municipal para o acondicionamento da planta baixa dunha edificación existente para restaurante, emprazada no lugar de XXXXX, na parroquia de Codeso, situado urbanisticamente en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural.

Con data do 20/12/2013, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítese un **informe técnico**, favorable condicional, que obriga á promotora a presentar un anexo coas modificacións sinaladas neste.

Con data do 23/12/2013 (rexistro de saída 13/1231), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento da promotora, que debe presentar a documentación correspondente, que se sinala no propio informe técnico.

Con data do 24/01/2014, (rexistro de entrada número 14/123), por Marta XXXXX, preséntase un anexo coa documentación requirida no informe técnico de data do 20/12/2013.

Con data do 29/01/2014, a técnica municipal emite un novo informe favorable condicional, condicionado á introdución de máis modificacións técnicas, dándolle traslado dunha copia do mesmo á interesada, e que obrigan á promotora das obras a presentar un novo anexo, coas modificacións solicitadas.

Con data do 03/03/2014 (rexistro de entrada núm. 14/377), por Marta XXXXX, xúntase unha nova documentación técnica, en base ó anterior informe técnico municipal.

Con data do 13/03/2014, os Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emiten **informe técnico favorable** para a realización dos traballos expostos na documentación presentada, no que se fai constar que se deberá comunicar o inicio da actividade, acompañando certificado final de obra.

Con data do 31/03/2014, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, que se corresponde pola solicitude da licenza municipal, por importe de 61,62 €; así que unha vez o expediente completo, e tendo en conta os antecedentes expostos, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a Marta XXXXX, con NIF XXXXX, a licenza municipal de obras e actividade, para o **acondicionamento de planta baixa en vivenda existente para restaurante**, emprazada no lugar de Ardesende, na parroquia de Codeso, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e coas seguintes condicións:

a).- Condicións particulares desta licenza:

01. Núm. de expediente da Licenza de Obras e Actividade: 13/2262
02. Promotor da licenza: MARTA XXXXX
03. C.I.F. // N.I.F. do promotor: XXXXX
04. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL
05. Tipo de Obras e Actividade: ACONDICIONAMENTO DE PLANTA BAIXA EN VIVENDA EXISTENTE PARA RESTAURANTE
06. Situación e emprazamento: XXXXX – CODESO
07. Taxa pola solicitude da licenza de obras: 61,62 €
08. Presuposto de execución material das obras: 35.770,54 €
09. Liquidación do I.C.I.O. (2,5% do presuposto de execución material): 894,26 €
10. Taxa pola licenza de actividade: 248,53 €
11. Prazos de execución das obras e actividade:
 - Para comezar as obras: SEIS (6) MESES
 - Para terminar as obras: TRES (1) ANOS

b).- Condicións especiais da licenza de Obras:

Deberanse cumprir tódalas condicións impostas no proxecto técnico, visado con data 28/10/2013, e toda a documentación complementaria presentada, que serve de base para a concesión desta licenza.

c).- Condicións especiais da licenza de Actividade:

Previamente ao inicio da actividade:

Para poder iniciar a actividade, deberase notificar o fin das actuacións, mediante a presentación do certificado final de obra. Os Servizos técnicos municipais, realizarán visita de comprobación ó lugar das actuacións.

Segundo:

Aprobar, a **liquidación** dos dereitos municipais, por importe total de 1.142,79 €, (dos que 248,53 € son de aplicación segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola licenza de actividade; e 894,26 € son de aplicación pola licenza municipal de obra, segundo a ordenanza do Imposto sobre construcións, instalacións e obras); e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

O importe pola liquidación aprobado anteriormente, de **1.142,79 €** deberá ser ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: XXXXX.

Terceiro:

Notificar o presente acordo ao interesado:

B) Expte.: 14/470. Licenza municipal de actividade para unha explotación agropecuaria existente, en Pumares - Sergude, en base á resolución de recoñecemento de edificacións destinadas a actividades agropecuarias.

Antecedentes:

Con data do 17/03/2014 e rexistro de entrada núm. 14/470, por Pablo XXXXX, con DNI núm. XXXXX, preséntase unha solicitude para que se lle recoñeza a licenza de actividade para os usos agropecuarios, situada no lugar de XXXXX – Sergude, en base ó recoñecemento da existencia de explotacións agropecuarias e gandeiras, segundo o establecido na disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Revisado o expediente de referencia, compróbase que con data do 30/03/2004 e rexistro de entrada núm. 04/1006, o titular solicita o recoñecemento de dita explotación agraria, ós efectos establecidos pola disposición décimo primeira da Lei 9/2002. Con data do 13 de xullo de 2007, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes emite a correspondente Resolución pola que se recoñece a existencia da explotación, destinada a actividades agropecuarias, con data do 1 de xaneiro de 2003, da que é titular don Pablo XXXXX, coas instalacións que de seguido se relacionan:

- Alpendre, cunha superficie de 184,5 m² en planta baixa.
- Fosa de xurro, cunha superficie de 53 m² en planta baixa.
- Corte, cunha superficie de 27 m² en planta baixa.
- Fosa de xurro, cunha superficie de 41,8 m² en planta baixa.
- Corte de gando vacún, cunha superficie de 234,36 m² en planta baixa.
- Alpendre, cunha superficie de 87 m² en planta baixa.
- Silos, cunha superficie de 401,5 m² en planta baixa.
- Corte de gando vacún, cunha superficie de 466,58 m² en planta baixa.
- Corte, cunha superficie de 80,85 m² en planta baixa.
- Alpendre, cunha superficie de 195,52 m² en planta baixa.
- Corte de gando vacún, cunha superficie de 573,1 m² en planta baixa.
- Leitería, cunha superficie de 96,9 m² en planta baixa.
- Silos, cunha superficie de 182 m² en planta baixa.
- Fosa de xurro, cunha superficie de 110,3 m² en planta baixa.

Tendo en conta a antedita Resolución, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a Pablo XXXXX, a licenza municipal de actividade, para a explotación agropecuaria existente en XXXXX – Sergude, en base ás edificacións recoñecidas na Resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de data 13/07/2007, pola que se recoñece a existencia de dita explotación a nome de Pablo XXXXX, ao abeiro da disposición transitoria décimo primeira, da Lei 9/2002, de 30 de

decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e posteriores modificacións.

Segundo:

Aprobar, a **liquidación** dos dereitos municipais, por importe de 498,10 €, en aplicación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola licenza de actividade e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

O importe pola liquidación aprobado anteriormente, de 498,10 € deberá ser ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta N°: XXXXX.

Terceiro:

Notificar o presente acordo ao interesado:

8.Devolución taxa abastecemento e saneamento

Antecedentes:

Con data do 6/02/2014 e rexistro de entrada núm. 14/218, don XXXXX, con DNI núm. XXXXX solicita a alta no servizo de abastecemento e saneamento para a vivenda situada no XXXXX, XXXXX, parroquia de Lestedo.

Na Xunta de Goberno do 20 de febreiro de 2014 acordouse dar de alta ditos servizos, facendo constar que as taxas correspondentes, tanto de abastecemento como de saneamento, foron aboadas pola promotora da construción “Promocións e Inversións Ulla, S.L.” o día 04/05/2009.

Con data do 21/03/2014 (rexistro de entrada núm. 14/511), dona María XXXXX, en representación de don XXXXX, solicita a devolución da cantidade de 54,81 euros, que por erro aboou na conta do Concello en concepto de taxa municipal polo servizo de abastecemento de auga e saneamento, segundo o recibo bancario que se presenta, de data do 18/03/2014.

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

1.- Reintegrar, a D. XXXXX, o importe de 54,81 €, que con data 18/03/2014 ingresou, por erro, na conta do Concello, en concepto de taxa municipal polo servizo de abastecemento de auga e saneamento para unha vivenda situada no edificio XXXXX – Lestedo, e cuxa taxa xa constaba ingresada nas arcas municipais pola promotora da construción. Dito ingreso efectuarase na seguinte conta bancaria: XXXXX.

2.- Comunicarlle este acordo ao interesado.

9.Solicitud cursos formativos á Consellería de Traballo e Benestar

Vista a Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de

Galicia correspondente ao exercicio de 2014 (DOG. núm. 6, 10 de xaneiro de 2014), a Xunta de Goberno acorda:

1 Solicitar por vía de programación dos convenios de colaboración (procedemento TR301O) (sen compromiso de contratación) os seguintes cursos: Traballos de carpintería e moble (MAMD0209), Dinamización comunitario (SSCB0109), nos termos establecidos na Sección 2ª Vía de programación dos convenios de colaboración (Procedemento TR301O).

2 Dar traslado deste acordo á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

10. Clasificación das ofertas da obra denominada “Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros”

Na Xunta de Goberno realizada o día 6 de marzo de 2014, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra denominada “Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros” por importe de 156.521,51 euros.

Así mesmo, acordouse solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Excavaciones Construcciones Hnos. Couto Fandiño, SL

Excavaciones Ovidio, SL

Excavaciones José Varela Iglesias, SL

No prazo establecido para o efecto recíbense as seguintes ofertas das empresas que a continuación se relacionan:

Núm. de rexistro de entrada	Empresa
14/513	Excavac. Construc. Hnos. Couto Fandiño, SL
14/501	Excavaciones José Varela Iglesias, SL
14/512	Excavaciones Ovidio, SL

De seguido ábreanse os sobres que conteñen as ofertas económicas seguintes:

Empresas	Oferta económica sen IVE	IVE
Excv. Const. Hnos. Couto Fandiño, SL	129.000,00	27.090,00
Excavac. José Varela Iglesias, SL	129.356,62	27.164,89
Excavaciones Ovidio	129.356,62	27.164,89

O día 31 de marzo de 2014, ten entrada no rexistro do concello (14/553) o informe técnico valorativo dos criterios establecidos no prego e asinado polo enxeñeiro don Julio C. Rojo Martínez, que establece a seguinte valoración:

Empresas	A	B	C	D	Puntuación Total
Excv. Const. Hnos. Couto Fandiño, SL	10	5	3.50	8	26.50
Excavac. José Varela Iglesias, SL	10	5	1.50	8	24.50

Excavaciones Ovidio	10	5	2	8	25.00
---------------------	----	---	---	---	-------

Con relación a este informe do técnico, a Secretaria – Interventora emite con data 2 de abril de 2014 o seguinte:

“INFORME

Antecedentes

Consta no expediente tramitado para a adxudicación do contrato da obra “ Camiño de AC- 960 a Ponte por Abeleira e outros, o informe de valoracións técnicas das ofertas presentadas na licitación, de data 27 de marzo de 2014 presentado no concello o 31 de marzo , rexistro de entrada nº 553.

Dito informe reflicte simplemente un cadro coas puntuacións outorgadas polo técnico ás empresas, según o programa de traballo, o programa de actuación ambiental, o plan control de calidade, o plan de seguridade e saúde e finalmente a puntuación total, sen ningún tipo de motivación dos criterios tidos en conta para a puntuación.

Consideracións xurídicas

*O artigo 54.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que establece que a motivación dos actos que poñan fin aos procedementos selectivos e de concurrencia competitiva realizaranse de conformidade co que dispoñan as normas que regulan as súas convocatorias, **debendo en todo caso, quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.***

Por outro lado son varias a sentencias do tribunal supremo que establecen a necesidade da motivación, concretamente a Sentencia de 22 de decembro de 2003 sinala a “inequívoca necesidade de motivación da resolución con referencia aos criterios da adxudicación do concurso, de modo que a adxudicación non é unha potestade sen límite da que a administración pode facer uso sen xustificación alguha”.

Así mesmo, a Sentenza do 26 xaneiro de 2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e relacionado con este concello, estimou parcialmente un recurso de apelación presentado por empresa participante no concurso para a adxudicación do parque eólico . Establece esta sentenza que os criterios adxudicatarios (utilizados neste concurso) constitúen unha mera e respectiva expresión guarísmica da valoración das ofertas para as puntuacións outorgadas no citado expediente de contratación.

Conclusión

O informe da valoración técnica presentado polo Inxeñeiro Técnico carece absolutamente de motivación, recollendo tan só unha mera expresión guarísmica sen xustificación dos motivos polos que se outorgan ditas puntuacións.

Polo tanto o informe non se axusta ás condición esixidas legalmente e deberíase solicitar novo informe que acredite detalladamente as puntuacións outorgadas”.

As valoracións das ofertas económicas son realizadas no programa de valoración de ofertas que a Deputación da Coruña ten na súa páxina de contratación, polo tanto á vista deste datos a Xunta de Goberno acorda:

1 Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas:

Empresas	A	B	C	D	Valoración oferta	Puntuación Total
Excv. Const. Hnos. Couto Fandiño, SL	10	5	3.50	8	0.83	27.33
Excavac. José Varela Iglesias, SL	10	5	1.50	8	0.00	24.50
Excavaciones Ovidio	10	5	2	8	0.00	25.00

2 Requerir ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 10 días hábiles, a seguinte documentación:

-Xustificantes de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributaria e coa Seguridade Social.

-Presentación do correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE

-Acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera dedicar ou adscribir á execución do contrato

11.Inicio da contratación da obra denominada “Camiño cruce de Frenza a Carballeira e outros”

Na resolución da alcaldía do día 7 de outubro de 2013 aprobouse o proxecto da obra denominada Camiño cruce da Frenza a Carballeira e outros, cun presuposto total de 64.071,92 euros (IVE incluído) e envíase a documentación correspondente á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

Na Resolución asígnanlle a este concello un total de 52.952,00 euros (ive excluído) que corresponden ás anualidades 2013 e 2014. No ano 2013 a cantidade que corresponde é de 24.972,16 euros que xa foi ingresada con data 26/12/2013. Para este ano a cantidade restante 27.979,84 euros será ingresada cando se certifiquen as obras.

No relativo ó IVE, é o concello o que debe facerse cargo do seu pagamento, polo tanto o que corresponde á cantidade do ano 2013, que son 5.244,15, está pendente de pagamento e a obriga está recoñecida no orzamento do ano 2013. A cantidade correspondente a este ano, que son 5.875,77 euros, está consignada no orzamento deste ano.

As obras deberán xustificarse antes do vindeiro 30 de xuño.

No expediente atópase o correspondente informe xurídico.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Iniciar os trámites necesarios para a contratación das obras polo procedemento negociado sin publicidade. Os pregos que rexerán esta contratación son os publicados pola Deputación da Coruña no BOP núm. 103 do día 1 de xuño e aprobados pola Deputación no Pleno do día 25 de maio de 2012.

2 Aprobar o cadro de características da obra, así como os criterios de valoración que rexerán a contratación:

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

0. REGULACION HARMONIZADA	Contrato non suxeito a regulación harmonizada	
1. PROXECTO	Camiño cruce da Frenza a Carballeira e outros	
1.bis. CODIFICACIÓN	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos	
2. PRESUPOSTO	A) Obras anuais	64.071,92 (IVE INCLUIDO)
3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	411.619,02	
4. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: 3 meses REDUCCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: non aplicable	
5. CLASIFICACIÓN		
6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: - Consulta a tres empresas - Perfil de contratante B. LUGAR DE PRESENTACIÓN: No rexistro municipal de 9 a 14 horas de luns a venres	
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: oito días contados desde o día seguinte ao da recepción da petición de oferta	
8. PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Dirección páxina web: www.boqueixon.com 8.2 Publicación de adjudicación (indicar a opción elixida): en perfil de contratante	
9. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe do proxecto	
10. TAXAS DO CONTRATO	Non hai	
11. REVISIÓN DE PREZOS	Non hai	
12. CONTROL DE CALIDADE		
13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA		

Outros Datos:

Información

Perfil de Contratante www.boqueixon.com

Teléfono:981. 513 061- Servizo de Contratación

Lugar onde se poden obter copias do proxecto e prego: Servizo de Contratación e perfil do contratista

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D^a _____
con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono _____
Fax (optativo) _____
dirección de correo electrónico (optativo) _____
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____).

DNI ou CIF Nº _____
e con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono _____
Fax (optativo) _____
dirección de correo electrónico (optativo) _____

Toma parte no procedemento negociado para a adxudicación da execución das obras comprendidas
no _____ proxecto _____ de _____

e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

- A) Prezo sen IVE..... euros) .
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) % importe euros
C) TOTAL (A+ B)EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

- ____ Non concorre con empresas vinculadas.
- ____ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación
CIF

_____ de _____ de 201__

O LICITADOR (asinado e rubricado)

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

- (1) A. DOCUMENTACIÓN
B. REFERENCIAS TÉCNICAS

C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)
presentada por ..

Teléfono _____

Fax _____

_____ de _____ de 201__

(1) Indicar sobre A, B, C ou D segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

(2) Indicar o título do contrato.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

DETERMINACIÓN DE CRITERIOS FASE 1

FASE 1

A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL

a) **Programa de traballo** (cláusula 12.2.1.A.1): **17 puntos**

b) **Programa de actuación ambiental** (cláusula 12.2.1.A.2): **8 puntos**

b) **Plan de control de calidade** (cláusula 12.2.1.B) **13 puntos** conforme ao seguinte detalle (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

PLAN DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.1)	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	De 1.51 a 3 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 0.51 a 1.50 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	De 0 a 0.50 puntos
PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.2)	Outorgarase a máxima puntuación á/s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 1 punto
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.3)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29	Calcularase aplicando a seguinte fórmula: $3 \times \%$ incremento de execución material (expresado en dous decimais) (Máximo 9 puntos)

c) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 12.2.1.C): **12 puntos**

FASE II

a) **Oferta económica**: **50 puntos**.

De acordo coa fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas

3 Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Excavaciones Construcciones Hnos. Couto Fandiño , SL

Lugar Igrexa – Boqueixón 15881

Excavaciones José Varela Iglesias, SL

Rúa Socortes núm. 22 – Bemibre

15783 Val do Dubra

Obras y Viales de Galicia, SL
Parque Empresarial de Sigüeiro – Parcela 56 A
15688 Oroso

12.Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 24.911,44 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Facturas pendentes de pagamento:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en marzo		
1	Ferliño, SL – Aluguer de andamios para obras municipais	2014.0.4.0.212	70,91
2	Liquidación de gastos de Eugenio Fernández Vieites – Gastos transporte camión do lixo a taller de Ourense	2014.0.9.0.230	49,20
3	Motivo JCB Galicia, SA - Revisión e arranxo pa retroescavadora	2014.0.9.0.213	309,49
4	Hnos. Villar – Mantemento e reparación tractor desbrozadora Claas	2014.0.4.0.213	302,00
5	Liquidación de gastos desprazamento de Yolanda Neira Cristobo – programa drogodependencias	2014.0.9.0.230	75,24
6	María del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación para escola infantil municipal	2014.0.2.0.143	288,57
7	Liquidación de gastos de Rosario Iglesias Iglesias – Xornada itinerarios culturais europeos	2014.0.9.0.230	55,59
8	Sermasa – Servizo de axuda domicilio - usuarios dependencia mes de febreiro	2014.0.2.0.210	13.824,91
9	Sermasa – Servizo de axuda domicilio – usuarios prestación básica mes de febreiro	2014.0.2.0.210	1.397,52
10	Repsol Butano, SA – Cargas de gas butano para pavillón Forte e campo de fútbol	2014.0.9.0.221	299,25
11	Ulla Oil, SL – Gasóleo A para depósitos municipais – segundo contrato	2014.0.9.0.221	3.771,93
12	Supervisión y Control, SA – Inspección ITV do camión do lixo 7414 BSL	2014.0.3.0.213	59,64
13	Artes Gráficas Jadfel –Revistas e calendarios municipais	2014.0.9.0.226	2.361,87
	Rexistradas en abril		
14	Gráficas de Asturias,SL – Libro de rexistro para o Xulgado de Paz	2014.0.9.0.220	63,04
		Total	22.929,16

Facturas domiciliadas e xa aboadas:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en marzo		
15	Vodafone – Servizo mensared do 15/02 ó 14/03	2014.0.9.0.222	14,54
16	Ricoh – Mantemento fotocopiadoras – impresoras mes de marzo	2014.0.9.0.213	805,55
17	Movistar – Servizo telefonía móbil do 18/02 ó 17/03	2014.0.9.0.222	417,65
18	Movistar - Consumo telefónico mes de febreiro escola infantil e local social de Lestedo	2014.0.9.0.222	47,63
19	Movistar - Consumo telefónico mes de febreiro centro saúde de Lestedo	2014.0.9.0.222	24,17
20	Movistar – Consumo telefónico mes de febreiro fax	2014.0.9.0.222	48,01
21	Movistar – Consumo telefónico mes de febreiro centraliña	2014.0.9.0.222	481,63
22	Movistar – Consumo telefónico mes de febreiro alarma	2014.0.9.0.222	29,11
23	Movistar – Consumo telefónico mes de febreiro ximnasio	2014.0.9.0.222	37,68
24	Movistar – Consumo telefónico mes de febreiro oficina de correos	2014.0.9.0.222	23,28
25	Movistar – Consumo telefónico mes de febreiro Protección Civil	2014.0.9.0.222	29,14
26	Movistar – Consumo telefónico mes de febreiro Casa da Cultura de Camporrapado	2014.0.9.0.222	23,89
		Total	1.982,28

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía que suman un total de 1.252,64 euros e que se aboan con cargo á partida 2014.0.3.0.212 do orzamento:

Núm. 14/500

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN140300222682	ES0111000009304046LB0F	119,00	Alum. Púb. Granxola-Codeso	13/03/14	24/12/13 a 27/02/14
1CSN140300222687	ES0111000009304058CT0F	409,37	Lugar Loureiro - Pousada	13/03/14	24/12/13 a 27/02/14
1CSN140300222695	ES0111000009305006SM0F	173,26	Lugar Donas	13/03/14	24/12/13 a 27/02/14
1CSN140300222721	ES0111000009313013HP0F	487,56	Lugar Camporrapado	13/03/14	27/12/13 a 28/02/14
1CSN140300222759	ES0111000009313064CJ0F	63,45	Lugar Devesa	13/03/14	27/12/13 a 28/02/14

TOTAL 1.252,64 €

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural S.U.R SDG, SA que suman un total de 5.361,10 euros e que se aboan con cargo á partida 2014.0.3.0.212 do orzamento:

Núm. 14/549

Nº de Factura	CUPS	Importe	Lugar suministro	Data emisión	Data facturación
1140111722052	ES0022000009030777QK0P	457,72	Lg. Deseiro de Arriba, 8037 A.Púb.	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111672579	ES0022000008895802JX1P	137,76	Bombeo de Noenlle 9010	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111716082	ES0022000008920544PG1P	255,26	Bombeo de Orto 9010	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111631787	ES0022000007320544VE1P	66,11	Lg. Senande, 9000 A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111635485	ES0022000007320543VK1P	116,18	Lg. Vigo, 9000 A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111637338	ES0022000007661637JW1P	111,61	Lg. Forte, 9032 A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111642951	ES0022000008964524BP1P	30,66	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111656999	ES0022000007662959RJ1P	67,84	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111658596	ES0022000007320549HG1P	235,47	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111661318	ES0022000007662958RN1P	50,84	Lg. Carabán, 9915 - A.Púb.	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111662519	ES0022000007021150HL1P	216,26	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111670900	ES0022000008964525BD1P	32,79	Lg. Orto, 9700 - Boqueixón	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111674834	ES0022000007249659HT1P	55,02	Lg. Carabán, 9914 - A.Púb.	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111677461	ES0022000004975491HA1P	147,00	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111678632	ES0022000007320555HX1P	29,21	Lg. Vilar, 9003 A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111683488	ES0022000007107334QE1P	77,36	Lg. Rubio, 9796 A. Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111684284	ES0022000007455163ME1P	197,24	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111685442	ES0022000007021267TK1P	197,27	Lg. Rubial, 9697 - A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111699573	ES0022000007320582LZ1P	114,21	Lg. Torre, 9000 A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14

1140111704185	ES0022000008876495WT1P	94,96	Lg. Vilar, 0005 A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111716442	ES0022000007249769EH1P	106,75	Lg. Vilar, 9924 A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111718828	ES0022000004975486VK1P	244,19	Lg. Vilar, 9700 A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140111722977	ES0022000007373065RB1P	111,44	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	02/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140210043143	ES0022000004975490HW1P	2,35	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	05/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140210046239	ES0022000007320580LN1P	238,10	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	05/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140210047246	ES0022000007021268TE1P	394,17	Lg. Gándara, 9700 A.Público	05/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140210067295	ES0022000007249666HF1P	102,59	Lg. Pena, 9915 - A.Público	05/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140210073059	ES0022000007251856KN1P	321,76	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	05/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140210075563	ES0022000007455157MQ1P	223,62	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público	05/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140210078128	ES0022000007164018CB1P	434,51	Lg. Forte, 9030 A.Público	05/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140210081537	ES0022000007021143HN1P	224,59	Lg. Outeiro, 9710 A.Público	05/02/2014	24/12/13 a 31/01/14
1140210082276	ES0022000007561243HA1P	125,21	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	06/02/2014	01/01/14 a 01/02/14
1140210082277	ES0022000007566337DZ1P	141,05	Lg. Casal, 9109 - A.Público	06/02/2014	01/01/14 a 01/02/14
	Total	5.361,10			

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural Servizos SDG, SA que suman un total de 2.890,91 euros e que se aboan con cargo á partida 2014.0.3.0.212 do orzamento:

Nº de Factura	CUPS	Importe	Lugar Suministro	Dat. Emisión	Data Facturación
FE14321140697786	ES0022000007164583ER1P	1.158,04	Colexo do Forte, 9031. Forte	04/02/2014	25/12/13 a 31/01/14
FE14321140697782	ES0022000007831162TV1P	521,79	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	04/02/2014	25/12/13 a 31/01/14
FE14321140885759	ES0022000004975487VE1P	66,96	Alum.Púb. Vilar, 0097-004 - Lestedo.	06/02/2014	25/12/13 a 31/01/14
FE14321140697780	ES0022000007586591QM1P	465,60	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	04/02/2014	25/12/13 a 31/01/14
FE14321140697788	ES0022000008842233FP1P	678,52	Campo de Fútbol, - Forte 9050	04/02/2014	25/12/13 a 31/01/14
	Total	2.890,91			

Aprobación de facturas do Obradoiro de Emprego

A continuación a Xunta de Goberno aproba as facturas xeradas polas obras que se están a facer no obradoiro de emprego por importe de 3.756,33 euros e que a continuación se desagregan no seguinte listado:

Importe subvención: 48.219,84 euros

Importe consumido: 15.601,19 euros

Importe a deducir: 3.756,33 euros

Importe que resta: 28.862,32 euros

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en marzo		

1	Madesa – Materiais varios para obras realizadas no obradoiro de emprego	2013.0.6.0.609	546,44
2	Würth – Materiais varios para obras realizadas no obradoiro de emprego	2013.0.6.0.609	121,79
3	Würth – Materiais varios para obras realizadas no obradoiro de emprego	2013.0.6.0.609	21,96
4	Escayolas Isaac – Colocación falso teito en obras realizadas por obradoiro de emprego	2013.0.6.0.609	1.403,60
	Rexistradas en abril		
5	Talleres González – Materiais para obras obradoiro de emprego	2013.0.6.0.609	1.161,60
6	Alumnios Vedra – Fabricación de guarnicións de aluminio para obras obradoiro de emprego	2013.0.6.0.609	500,94
		Total	3.756,33

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Instituto de la Juventud

Programa “ Juventud en acción”

Ano 2013

Importe da subvención: 12.537,00 euros

O día 8 de xullo, recíbese no rexistro deste concello a resolución ditada polo INJUVE onde se concede a esta entidade unha subvención para o desenvolvemento do proxecto de voluntariado europeo para o que se conceden 12.537 euros. Neste proxecto participan 2 voluntarias europeas que desenvolverán durante 9 meses distintas actividades.

O día 25 de xullo recíbese na conta do concello o ingreso por importe de 8.775,90 euros correspondente ó 70% da subvención concedida.

O día 2 de setembro de 2013 a alcaldía ditou unha resolución na que se especifican varias obrigas que ten esta entidade coas voluntarias, unha delas é aboar os gastos de transporte e as clases de español, galego durante o período do proxecto.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. 18382244-1-42 emitida por Messzelato Egyesulet por gastos de organización de envío da voluntaria Sara Moka por importe de 477 euros.

Facer o pagamento desta factura con cargo á subvención concedida para o efecto.

13.Aprobación inscrición no rexistro municipal da Asociación Cabalar Cruto do Castelo.

D. José XXXXX, como presidente da Asociación Cabalar Cruto do Castelo, presenta no rexistro municipal con data 31 de marzo de 2014 e co núm. 14/552, unha solicitude para a inscrición da asociación que preside no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Considerando que se cumpren os requisitos preceptuados no art. 236 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais de xeral aplicación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1. Incluír esta asociación no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais co número de inscrición 057.

2. Dar conta deste acordo ó presidente da asociación.

14. Contratación do “Xantar de Maiores 2014”

O día 3 de maio de 2014 vaise a realizar o Encontro de Maiores que tódolos anos organiza este concello. Terá lugar non pavillón do Forte.

Como é sabido, aparte doutras actividades programadas para ese día, tamén se organiza un xantar onde, as persoas que o soliciten e aboen os prezos aprobados para o efecto, poden participar.

Estes prezos foron aprobados na xunta de goberno do día 20 de marzo.

É preciso solicitar presuposto a empresas para adxudicar o xantar, no que participarán arredor dunhas 300 persoas.

O menú que se quere ofrecer será o seguinte:

Empanada
Pulpo
Carne ó caldeiro
Postre
Bebidas e café

Ademáis, a empresa que elabore o menú deberá incluír os medios técnicos e humanos que se precisen para a realización do evento. Estes medios deberán figurar no presuposto que nos presenten para que poidan ser valorados.

O importe máximo por persoa fíxase en 21 euros (IVE incluído)

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Solicitar presupostos para a realización do xantar que terá lugar no Encontro de Maiores, e que constará do menú sinalado, ás seguintes empresas: Congelados Veloso e Florencia Iglesias Carbia

15. Nomeamento do técnico para valoración das ofertas do servizo de asistencia técnica urbanística

O día 20 de febreiro iniciouse a contratación do servizo de asistencia técnica urbanística do Concello de Boqueixón.

O día 11 de marzo, este concello envía un escrito á Deputación solicitando un técnico que realice as valoracións dos sobres de Referencias Técnicas, debido a que a empresa que nos estaba facendo as valoracións é unha das que se presentan ó concurso.

O día 1 de abril, por correo electrónico, a Deputación envía a resposta dándonos o nome do técnico que vai a facer o dito informe, polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Nomear como técnico para asistir ás valoracións das ofertas presentadas no concurso realizado para a contratación do servizo de asistencia técnica urbanística, a don Pedro A. González Pérez, arquitecto técnico adscrito ó servizo de Apoio técnico a Municipios

16.Solicitud de cesión en propiedade dun vehículo especialmente preparado para extinción de incendios forestais

Vista a Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se conceden, en réxime de concorrência competitiva, axudas aos concellos de Galicia para o apoio á extinción de incendios forestais, consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para o exercicio desas función, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.-** Solicitar á Consellería de Medio Rural e do Mar a cesión en propiedade dun vehículo especialmente preparado para a extinción de incendios forestais.
- 2.-** Aceptar integramente os termos e prescricións e facultar ao D. Jesús Sanjuás Mera, Alcalde do Concello, para aceptar a cesión do vehículo motobomba forestal.
- 3.-** Que o Concello de Boqueixón colaborou coa consellería con competencias en materia forestal na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación do vehículo motobomba nos últimos 10 anos (2003-2007 como vehículo forestal do GRUMIR e do 2008-2013 con convenio de colaboración).
- 4.-** Que o Concello de Boqueixón, segundo o capítulo 4 do anexo ao Real Decreto 752/2010 do 4 de xuño, catalógase cunha prioridade de terceiro nivel.
- 5.-** Que o Concello de Boqueixón cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialmente nas subvencións ás entidades locais galegas.
- 6.-** Aprobado a Memoria na cal se recolle detalladamente :
 - a.- Titularidade do vehículo, data da primeira matriculación segundo o permiso de circulación, ITV e pólizas de aseguramento en regra.
 - b.- Elección do modelo de vehículo equipado con cisterna de 3000 litros e cabina sinxela. No caso de que se esgoten as existencias do vehículo solicitado, aceptárase o outro tipo de vehículo.

17.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e prace
O Alcalde